



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

27 OCT. 2024 22:31:29

Entrada **46462**

## Sobre a instrución da SS que desvela ás empresas as causas da IT por causas especiais das mulleres

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á instrución da Seguridade Social que desvela ás empresas e xestorías as causas das baixas das mulleres con situacións especiais de incapacidade temporal en caso de menstruacións incapacitantes, interrupción voluntaria do embarazo, embarazo ou embarazo a termo.**

En marzo deste ano denunciabamos a mala praxe da Seguridade Social na tramitación das baixas por menstruacións incapacitantes, interrupción voluntaria do embarazo, embarazos ou embarazos a termo porque permitía coñecer ás empresas os motivos destas baixas, vulnerándose así a normativa de protección de datos e o dereito á intimidade das traballadoras.

Como sabe o Goberno, a Lei Orgánica 1/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2020, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo introduciu novos dereitos como o recoñecemento das situacións especiais de incapacidade temporal en caso de menstruacións incapacitantes, interrupción voluntaria do embarazo, embarazos ou embarazos a termo.

En maio de 2023 o INSS emitiu unha instrución en relación ao sistema FIE de comunicación de continxencias ás empresas, nas que se recollían estas novas situacións especiais marcadas cada unha por un código propio: 01, para IT por menstruacións incapacitantes; 02, para as interrupcións de embarazo (voluntarias ou non), 03 para as xestacións a partir da semana 39 de embarazo e 04 para as situacións de COVID que non sexan consideradas accidente de traballo.





Desde que se aplica a citada instrución da Seguridade Social, chega ás empresas un parte da Seguridade Social a través do Ficheiro FIE co código correspondente que delata a situación especial das mulleres que atravesan por algunhas destas situacións, porén as empresas non deberan ter coñecemento dos diagnósticos nos partes de incapacidade temporal.

Na resposta do Goberno ao BNG en xuño deste ano, sinalaba que “en ningún momento era indicado de forma literal a situación especial (Menstruación incapacitante, Interrupción do embarazo, xestación semana 39) que se corresponde con cada código. Só se fai referencia ás peculiaridades que teñen estas situacións especiais para que as empresas poidan identificalas a efectos de realizar correctamente o pago delegado das prestacións de IT aos súas traballadoras. De non ser coñecido pola empresa non podería outorgarse á traballadora a maior protección que se pretendeu garantir pola norma, que implica unha regra de pago diferente ao resto de afiliados do sistema por baixas por continxencias comúns”.

O Ministerio aseguraba ao BNG que “estaba a traballar na refundición dos códigos nun código único para minimizar o efecto indicado, evitando así que as empresas poidan identificar a situación especial de IT concreta de que se trate dentro de todas as situacións especiais existentes”.

Con todo, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións continúa sen corrixilo e sen protexer a intimidade das traballadoras.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Modificou o Ministerio a citada Instrución pola que se regula a comunicación de continxencias ás empresas e nas que se recolle as novas situacións especiais de incapacidade temporal en caso de menstruacións incapacitantes, interrupción voluntaria do embarazo ou embarazos a termo que se identifican con códigos propios para impedir que se dean a coñecer ás empresas as causas das baixas das traballadoras?



2. En caso negativo, A que se debe a tardanza cando leva advertido desde hai meses do problema e o propio Ministerio dixo estar traballando nunha solución para protexer a privacidade das traballadoras?
3. Acometeu “a refundición dos códigos nun código único para minimizar o efecto indicado, evitando que as empresas poidan identificar a situación especial de IT”, como nos respondeu o Goberno no pasado mes de xuño? Cando estará lista?
4. É consciente de que se está vulnerando a normativa de protección de datos e do dereito á intimidade das traballadoras? Non lle preocupa esta situación que deixa aos descuberto diagnósticos e información médica das mulleres traballadoras?
5. Cantas mulleres foron afectadas até o momento actual por esta normativa e, polo tanto, cantas viron afectadas os seus dereitos á intimidade?
6. Cantos casos se produciron na Galiza?

Madrid, a 27 de outubro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la instrucción de la Seguridad Social que desvela a las empresas y gestorías las causas de las bajas de las mujeres con situaciones especiales de incapacidad temporal en caso de menstruaciones incapacitantes, interrupción voluntaria del embarazo, embarazo o embarazo a término.**

En marzo de este año denunciábamos la mala praxis de la Seguridad Social en la tramitación de las bajas por menstruaciones incapacitantes, interrupción voluntaria del embarazo, embarazos o embarazos a término porque permitía conocer a las empresas los motivos de estas bajas, vulnerándose así la normativa de protección de datos y el derecho a la intimidad de las trabajadoras.

Como sabe el Gobierno, la Ley Orgánica 1/2023, de 28 de febrero, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2020, de 3 de marzo, de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo introdujo nuevos derechos como el reconocimiento de las situaciones especiales de incapacidad temporal en caso de menstruaciones incapacitantes, interrupción voluntaria del embarazo, embarazos o embarazos a término.

En mayo de 2023 el INSS emitió una instrucción en relación al sistema FIE de comunicación de contingencias a las empresas, en las que se recogían estas nuevas situaciones especiales marcadas cada una por un código propio: 01, para IT por menstruaciones incapacitantes; 02, para las interrupciones de embarazo (voluntarias o no), 03 para las gestaciones a partir de la semana 39



de embarazo y 04 para las situaciones de COVID que no sean consideradas accidente de trabajo.

Desde que se aplica la citada instrucción de la Seguridad Social, llega a las empresas un parte de la Seguridad Social a través del Fichero FIE con el código correspondiente que delata la situación especial de las mujeres que atraviesan por algunas de estas situaciones, sin embargo las empresas no deberían tener conocimiento de los diagnósticos en los partes de incapacidad temporal.

En la respuesta del Gobierno al BNG en junio de este año, señalaba que “en ningún momento era indicado de forma literal la situación especial (Menstruación incapacitante, Interrupción del embarazo, gestación semana 39) que se corresponde con cada código. Solo se hace referencia a las peculiaridades que tienen estas situaciones especiales para que las empresas puedan identificarlas a efectos de realizar correctamente el pago delegado das prestaciones de IT a sus trabajadoras. De no ser conocido por la empresa no podría otorgarse a la trabajadora la mayor protección que se pretendió garantizar por la norma, que implica una regla de pago diferente al resto de afiliados del sistema por bajas por contingencias comunes”.

El Ministerio aseguraba al BNG que “estaba trabajando en la refundición de los códigos en un código único para minimizar el efecto indicado, evitando así que las empresas puedan identificar la situación especial de IT concreta de que se trate dentro de todas las situaciones especiales existentes”.

Con todo, el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones continúa sin corregirlo y sin proteger la intimidad de las trabajadoras.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Ha modificado el Ministerio la citada Instrucción por la que se regula la comunicación de contingencias a las empresas y en las que se recoge las nuevas situaciones especiales de incapacidad temporal en caso de



- menstruaciones incapacitantes, interrupción voluntaria del embarazo o embarazos a término que se identifican con códigos propios para impedir que se den a conocer a las empresas las causas de las bajas de las trabajadoras?
2. En caso negativo, ¿A qué se debe la tardanza cuando lleva advertido desde hace meses del problema y el propio Ministerio dijo estar trabajando en una solución para proteger la privacidad de las trabajadoras?
  3. ¿Ha acometido “la refundición de los códigos en un código único para minimizar el efecto indicado, evitando que las empresas puedan identificar la situación especial de IT”, como nos respondió al Gobierno en el pasado mes de junio? ¿Cuándo estará lista?
  4. ¿Es consciente de que se está vulnerando la normativa de protección de datos y del derecho a la intimidad de las trabajadoras? ¿No le preocupa esta situación que deja a los descubierto diagnósticos e información médica de las mujeres trabajadoras?
  5. ¿Cuántas mujeres fueron afectadas hasta el momento actual por esta normativa y, por lo tanto, cuantas vieron afectadas sus derechos a la intimidad?
  6. ¿Cuántos casos se han producido en la Galiza?

Madrid, a 27 de octubre de 2024

Néstor Rego Candamil



**Diputado del BNG en el Congreso**